

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca](#) do ies Sánchez Cantón no curso 07-08

1. A min o libro *Ás de mosca para anxo* paréceme moi entretido, sobre todo a metade e o final. O principio máis ben é a parte que te empurra a ler o libro (é moi interesante). O meu personaxe preferido é Estrela, unha nena cun retraso mental. Gústame porque a pesar da súa deficiencia, con axuda dos seus compañeiros consegue facer un montón de cousas. RECOMÉNDOCHE ESTE LIBRO. Adéntrate nas aventuras desta historia. **(Marta)**

2. A min o libro pareceume que explicaba moi ben as diferenzas das persoas cunha deficiencia mental e que non os tratamos con igualdade, pero poden ser tan listos e outras cousas coma nós, ou máis, que é o caso de Estela a protagonista do conto. Este libro é moi entretido e engánchate a ler cada vez máis e lese as aventuras de Estela que cada vez, coa axuda dos seus compañeiros, vai aprendendo outras cousas que ela non sabía. **(Rubén)**

3. A min gustoume este libro, porque estás todo o tempo en tensión, e a historia da nena protagonista (Estrela) vai aprendendo cos seus amigos. Non me gustou algunhas cousas como a actitude da súa nai respecto a súa filla Estrela, que é deficiente mental. **(David)**

4. A min este libro custoume empezar a lelo, porque ao principio era un pouco aburrido. Polo medio da historia comezaron a interesarme as aventuras dos personaxes, sobre todo, as do personaxe principal (Estrela), que é unha nena con deficiencia mental. Ao final, é a parte na que hai máis suspense. Esta é unha das historias nas que chegas a involucrarte e vivir as súas aventuras como se fosen as túas propias. Isto facilita a narración en primeira persoa que utiliza a autora (Fina Casalderrey). Este libro está escrito na linguaxe dos nenos polo que é fácil a súa comprensión. **(Alfredo)**

5. Este libro gustoume só un pouco. Ao principio non me agradou moito; despois gustoume máis, pero non me acaboume de convencer. Aínda así recomendo que o leas, a ti se cadra che gusta máis. **(Ramón)**

6. Este libro, *Ás de mosca para Anxo*, gustoume moito porque a protagonista, Estrela, aínda que é un pouco deficiente mental ten moitos amigos; e máis tarde gaña o respecto de toda a vila. Pero o título non me pega moito, é unha pequena crítica xa que iso non me inflúe na boa valoración do libro. A verdade, paga a pena lelo **(Verónica)**

7. A min o libro pareceume como na vida real, nada mais ver un neno cunha deficiencia mental xa pensamos que é diferente a nós, pero non é certo. Ao final do conto danse conto todos de que ao mellor é igual o máis lista ca nós e demostrouse iso ... O libro pareceume un pouco aburrido no principio por que non ocorre nada interesante. Pareceume tamén mal que ao principio discriminasen a unha nena con problemas mentais. Pero ben, o libro ao final pareceume divertido. **(Diego)**

8. **Estela** é unha nena cunha deficiencia psíquica: está repetindo curso; cambiase de colexio e neste novo a tratan mellor, aínda que ás veces lle fagan algunhas falcatruadas porque ela o cre todo. Un día van ó campo e encontran cun paxaro ferido; a súa familia non o quere porque ten un problema de crecemento en non o poden alimentar. Estela decide quedarse con el porque se identifica coa súa deficiencia física. Ó día seguinte na escola sae o tema dos secuestros e lles mandan facer unha redacción sobre o tema. Estela no seu escrito pon que o seu pai ... Este é un libro entretido e fácil de ler. Cántase en primeira persoa por un neno da pana. Tamén se aprende que a vida das persoas que teñen deficiencias non é nada sinxela, e que para facilitarlla hai que axudalos, e pensar que a súas calidades son outras, e non a súa deficiencia. **(Pablo)**

9. Este libro, *Ás de moscas para Anxo*, gustoume moito. É moi entretido, porque non se fai pesado; exceptuando ó principio, cando parece non entenderse moito. Sen embargo, unha vez que se segue e chégase á parte media xa é máis doado de entender e "engancha" moitísimo. A miña personaxe favorita é, sen dúbida, Estrela, a nena protagonista desta historia. Aínda que teña unha deficiencia mental que pode semellar algo parva, non é así, porque é unha rapaza moi boa cos demais, pero demasiado inocente. A personaxe que menos me gustou foi Iria "a Metepatas" porque, como indica o seu alcume, sempre di os comentarios menos oportunos para o momento, que fan quedar mal a ela e aos que

están con ela nese intre. Gustoume bastante o final, aínda que non é moi sorprendente; ó menos a min parecíame que era como ía rematar. Animo á xente que goce coa lectura a que o lea, e que supere a primeira parte, que é algo aburrida, e non invita moito á lectura; porque despois paga a pena..(Marta)

10. O libro pareceume moi interesante por que conta historias moi divertidas, o personaxe que máis me gustou foi Estrela. A parte que máis me gustou foi cando lle mexaron na mochila. Recoméndollo ao meu amigo Xavier (David)

11. ESTE LIBRO GUSTOUME MOITO, RECOMÉNDOVOLO A TODOS. (ANA)

12. Este libro ten como protagonista a Estrela Canedo, unha nena que repite 6º de primaria pero que ten novos compañeiros. Trátase dunha nena especial porque é moi inocente, cre todo o que lle din, ten mais dificultades ca os demais, pero ao mesmo tempo ten un gran corazón e capacidade para facer cousas que non todo o mundo sería quen de facelas, como escribir unha carta con moito sentimento aos pais para que liberen ao seu pai. É un libro moi bonito e fácil de ler. Gústame como mudan de opinión os seus compañeiros que ao principio lle gastaban bromas ou non lle deixaban xogar e despois todos a protexen fronte aos alumnos doutra clase e bótana de menos cando desaparece, aínda que o capítulo que menos me gustou foi "Alguén a guindara ó río despois da súa morte" porque pareceume que. (María)

13. A min o libro gustoume porque é entretido, o autor o conta dunha maneira que te engancha a historia no final asusteime un pouco pola desaparición de... pero despois moito mais tranquila. Este é un libro que vos recomendo porque se le ben e rápido e non é nada pesado. (Marta)

14. Todo sucedeu cando secuestraron a un señor e Estrela, unha nena con deficiencia mental, escribe unha carta ós secuestradores que sae no xornal. Este libro ten como protagonista a esta nena que é moi confiada e que non sabe o que son as mentiras, por iso os seus compañeiros de clase intentan axudala. Gustoume moito porque é un libro fácil de ler, cun vocabulario moi axeitado e uns capítulos moi curtos. Recoméndo a todo o mundo. (Javier)

15. Para min é un libro interesante que pode demostrar o que é ter uns bos amigos como os que o final ten Estrela. Non é un libro demasiado rápido e dinámico pero acaba cun final feliz e bonito. (Adrián)

16. O libro trata da relación dunha nena diminuída psíquica chamada Estrela cos seus compañeiros de colexio. Ao principio a relación non foi fácil, os nenos da clase tardaron bastante en coñecerla, ben dadas as súas extravagantes reaccións. Pero pouco a pouco, mesmo sen darse conta, foron afacéndose á súa conmovedora inxenuidade e ela tamén foi adaptándose aos seus novos amigos. E así, pouco a pouco, esta nena tan especial foi ensinando a todos a importancia da inxenuidade e da tenrura para manter a esperanza de cambiar o mundo. O libro gustoume polo que ten de positivo, pois é capaz de amosar nun só personaxe calidades tan difíciles de atopar hoxe en día como a sensibilidade, a inxenuidade, a bondade, a valentía, a amizade, a solidariedade, a simpatía ... (Alfonso)

17. A min este libro non me gustou. Non se me fixo pesado pero a historia non me acaba de convencer. Non me gusta como tratan a protagonista, Estrela, ao principio; pero ao final os seus compañeiros parecerónme moi bos. Estrela era deficiente mental pero tiña un gran corazón e iso é o que importa (Adrián)

18. Este libro pareceume bonito e fácil de ler. Ó principio da historia non está moi ben explicado, e pode chegar a aburrir, pero logo as cousas vanse aclarando e dáste conta de que trata o libro. Os personaxes son moitos e con distintos caracteres, pero a min o que máis me gustou foi Estrela. Pareceume unha nena moi forte e valente, loitadora polo que quere. O ter unha deficiencia mental, que lle impide decatarse de certas cousas, non lle importa á hora de facer amigos e axudar ós demais. A súa valentía axúdalle a pasar un tempo no tellado da súa casa, sen comer nin beber, e cunha forte tormenta. Isto o fai pola idea que ten na cabeza de que... Este libro é unha boa forma de facer ver á xente que non importa que unha persoa sexa distinta dos demais, por que, ó fin e ó cabo, se é distinta, dalgunha maneira é especial. Anímovos a lelo porque creo que vale a pena, posto que aínda que ás veces é previsible o que vai acontecer, a min gustoume bastante e nalgunhas ocasións fai graza a forma que ten o autor de expresar as ideas a través dos personaxes. (Andrea)

19. Este libro trata sobre unha nena especial, Estrela. Comeza nunha nova escola na que os seus compañeiros non entenden de principios no seu comportamento, pero despois o profesor don Carlos, explícalles que é unha nena moi

sensible, que non se lle pode mentir porque cre todo. Os compañeiros convértense na súa maior axuda. Esta inxenuidade acabará creando un bo problema. Estrela escoita dicir a súa nai por teléfono “que o seu pai... A desaparición de Estrela revoluciona todo o pobo que vai a súa procura, todo acaba cando ... E un libro moi tenro e un canto á amizade, é recomendable (**Jacobo**)